

DUB DIGITAL AUDIO, S.L.



"Os clientes xa nos coñecían e continuaron traballando con nosco"

José Alberto Novo Eiris

Datos básicos

Actividade:	Estudio de postproducción de audio
Sector de actividade	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
Nº empregados	4
Inversión inicial	72.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con achegas dos socios e un préstamo ICO por un importe aproximado dun tercio do investimento.
Web:	www.ddaestudios.com
Municipio:	A Coruña, A Coruña
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

Temos unha empresa de postproducción de audio e traballamos en todos os campos do sector audiovisual, excepto a dobraxe de películas, é dicir; publicidade en radio e tv, documentais, curtametraxes, vídeos corporativos, programas de tv, etc. De forma simplificada o noso traballo comeza cando unha productora, unha axencia ou un cliente directo nos envía un proxecto. Nós facemos todo o traballo de postproducción de audio, é dicir: gravamos as locucións, engadimos os efectos de son necesarios, editamos a música e realizamos a mestura final. Dispoñemos de liña RDSI para conectar con calquera estudio nacional ou estranxeiro en tempo real coa maior calidade, o que nos permite gravar no idioma que sexa necesario e cos locutores nacionais máis importantes.



Datos empresa

Claves do éxito

Consideramos que a clave máis importante foi a especialización. A maioría dos estudos dedicábanse á dobraxe e daban pouca importancia á publicidade. Nos decatamos do auxe desta actividade, e decidimos orientarnos inicialmente a ese mercado concreto. Consideramos moi importante saber crecer e reinvestir con sentido, aproveitar as oportunidades sendo realistas.

Situación actual

Atopámonos nunha etapa de expansión continuada, e ademais de consolidarnos no mercado da publicidade, xa participamos de cheo en todo o sector audiovisual: sonorizando curtametraxes, vídeos corporativos, documentais, programas de tv, multimedia, etc. Estamos ampliando o noso cadro de persoal para captar unha maior cota de mercado e ofrecer un mellor servizo aos nosos clientes, tanto en Galicia coma noutras comunidades. Tamén temos un proxecto de ampliación das nosas instalacións.

Perfil cliente

O nosos clientes son basicamente axencias de publicidade, produtoras de vídeo, e clientes directos (empresas).



Idea inicial

Todos os socios coincidimos nunha época traballando para Estudio Voz. O estudio ía pechar e, de mutuo acordo coa empresa, nos levamos aos clientes e nos limitamos a continuar co noso traballo, practicamente có mesmo equipo.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun inicio, as nosas principais dificultades foron a falta de liquidez, como adoita acontecer a calquera empresa na súa fase de arranque. Pero como contrapartida, comezamos cunha boa carteira de clientes, procedentes da empresa na que traballabamos, que cesou a súa actividade. Os clientes xa nos coñecían e continuaron traballando connosco.

Non consideramos unha ameaza a competencia doutras empresas, xa que temos confianza no sector audiovisual galego e nas súas posibilidades de crecemento.

Perfil promotores

Alberto Novo Eiris é técnico superior de Imaxe e Son, aporta experiencia profesional en varios estudos e como freelancer.
A empresa conta con tres socios máis.

Aptitudes necesarias

É fundamental ter ganas de asumir o reto que supón crear unha empresa. Esa forza é necesaria, sobre todo ao principio, cando xorden as maiores dificultades.
Tamén hai que estar disposto a arriscar moito.



Guía de Actividad

Estudios de gravación e dobraxe (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
A independencia que proporciona**

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

No noso caso, continuamos cunha actividade na que viñamos traballando dende había tempo e basicamente aplicamos moito sentido común, ademais de asesorarnos con profesionais.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Considerámolo moi interesante para facilitar a viabilidade e a consolidación do proxecto.

Anecdotalio

Foi complicada a mestura duns vídeos para Inditex en árabe, xaponés...

